

Boas prácticas de calidade nos centros da USC 2020

Facultade de Filoloxía

Denominación da práctica: Actividades FiloTic

Datas de desenvolvemento da práctica:

Inicio: marzo 2020

Desenvolvemento: curso 2020-2021

Breve descrición da práctica:

PS-01 Xestión dos recursos humanos.

A situación complexa vivida nos últimos meses por mor da pandemia da Covid 19, obrigounos a repensar en profundidade a ensinanza universitaria e puxo en evidencia algunhas carencias. Detectouse un nivel de coñecemento moi dispar entre PDI / Estudiantado / PAS no uso das tecnoloxías e decidiuse crear un grupo de traballo (FiloTic) para fomentar a formación nas novas ferramentas tecnolóxicas como complemento das actividades organizadas polo CeTa.

Creouse así o Grupo de Traballo FiloTic da Facultade de Filoloxía que comezou a andar o día 15 de setembro de 2020.

Na actualidade estanse a desenvolver dúas actividades impulsadas desde este Grupo:

-Obradoiros informais para discutir problemas que poidan xurdir no uso de MS Teams, Moodle e/ou software relacionado co ensino-aprendizaxe. Estes obradoiros están abertos a todo o PDI da Facultade de Filoloxía, PAS ou Estudiantado, e son organizados por membros do Grupo de traballo FiloTIC. Non se trata dun curso cunha temática concreta, senón dun lugar de intercambio de experiencias e de resolucións de problemas comúns.

-Creación dun grupo de voluntarios/as /titores/as pertencentes á comunidade de Filoloxía (profesorado, estudiantado e PAS) cuxo obxectivo é axudar, na medida das súas posibilidades (non é preciso ter grandes coñecementos en tecnoloxías, o máis importante é ter vontade de axudar) a outras persoas da comunidade a resolver problemas puntuais relacionados coas tecnoloxías de ensino-aprendizaxe, incluíndo as ferramentas institucionais da USC (Moodle, MS Teams etc).

As persoas interesadas en ofrecer este servizo voluntario anotan o seu nome, horario e lugar da titoría nunha [táboa](#) e especifican, se o consideran oportuno, o tipo de axuda que están dispostos a ofrecer.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

Obradoiros: A acollida é moi boa. Houbo 33 profesores interesados no obradoiro celebrado a principios de outubro o que obrigou a organizar dúas sesións; 2 de outubro de 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 19.30.

O formato informal permite unha gran flexibilidade e adaptabilidade (horarios, duración dos obradoiros...), favorece a participación e facilita a detección das necesidades a todos os niveis, permite detectar problemas comúns e planificar obradoiros cunha problemática precisa. Deste xeito, para o segundo obradoiro do mes de outubro, unha profesora propuxo organizar un obradoiro práctico sobre a ferramenta Mentimeter que se tivo que levarse a cabo en dúas sesións polo número de participantes: 22. As dúas sesións celebráronse o 23 de outubro en horarios de mañá e tarde.

Grupo de voluntarios : Esta iniciativa tivo moi boa acollida. Propuxéronse catorce membros do Centro (PDI, PAS, estudantado) e publicouse unha táboa co horario (unha ou dúas horas semanais en xeral) de atención coas eventuais observacións (tipo de problema, programa...).

O formato permite proporcionar unha axuda personalizada inmediata pensada para resolver problemas puntuais moitas veces recurrentes.

Os/as titores/as son alumnos/as, PAS o profesores/as da Facultade de Filoloxía coñecedores da especificidade do Centro o que facilita e axiliza o proceso.

As dúas actividades teñen un obxectivo concreto e unha vocación práctica pero cabe destacar que tamén cumpren con outras funcións importantes como favorecer a cohesión da comunidade vía o intercambio de coñecementos e experiencias.

Malia que a avaliación do proceso non rematou pódese considerar que a actividade conta xa con suficientes evidencias do seu axeitado desenvolvemento tendo en conta a boa acollida e o nivel de participación do conxunto da comunidade.

Os obxectivos como as características das actividades propostas, son xeneralizables a todos aqueles centros da USC que detectan, como é o caso da Facultade de Filoloxía , a necesidade de reforzar o uso das novas tecnoloxías.